

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 104

ano 18

xaneiro-febreiro 2024

50º ANIVERSARIO DO FOTÓGRAFO JOSÉ SUÁREZ



Nesta homenaxe a José Suárez no 50º aniversario do seu pasamento presentamos dúas fotografías realizadas na romaría de San Vitoiro (Allariz) en 1930. Estas instantáneas, das que algunhas formaron parte do artigo de Eduardo Blanco Amor "Romerías Gallegas" publicado en 1935 no xornal bonaerense *La Nación*, adquiren o valor de documento histórico ao retratar a festa dunha parroquia rural.

A pesar de ser en branco e negro, nelas atopamos a cor. A solemnidade da procesión e das persoas que portan os santos rómpese polo balbordo da xente apiñada que espera a parte máis profana da festa. Retrata o seo dunha sociedade cristiá que mantén a súa "cor pagá" como describe Blanco Amor.

Na imaxe que protagoniza este número de *Fronda* atopamos a dúas mulleres sostendo o peso da Virxe con facilidade como se sobre os seus ombros cargasen diariamente o peso do mundo. A composición é estática pero a pericia do fotógrafo consegue darlle ritmo e identidade. Utiliza o encadramento triangular onde a cima é a Virxe e os outros dous vértices as miradas das súas protagonistas

que buscan o camiño con firmeza mentres se protexen do sol.

En ambas atopamos a simbiose da tradición cun enfoque moderno, algo propio da obra de Suárez, onde a fotografía adquire un carácter documental dende o respecto. Aínda que reflicten o culto católico na procesión, o conxunto de fotografías realizadas ese día mostran a comunidade parroquial nunha festa que traspasa o rito relixioso.

Observar as fotografías de Suárez é comprender as realidades nas que habita sen prexuízos pero coa intención de capturar o que se ve todos os días e no que case ninguén repara. O artista alaricano deulle outro enfoque á fotografía galega, introduciuse no núcleo da cultura popular e soubo adaptalo ás novas vangardas europeas. Deste xeito logra romper cos tópicos de atraso construídos dende miradas alleas.

1930. San Vitoiro (Allariz)

Fotografía de José Suárez na que retrata a dúas mulleres levando en procesión unha imaxe da Virxe do Carme.

Orixinal; papel fotográfico; 120 x 180 mm
AHPOu. Colección fotográfica, 1/10

A fotografía: símbolo de modernidade

A modernidade trouxo a cámara e con ela un medio que anhelaba a sociedade do século XIX coa súa busca constante para reflectir a realidade. Numerosas fotos convertéronse en símbolos, parte esencial dunha construción da identidade común. Como non podía ser doutro xeito, a fotografía tamén chegou a Galicia e con ela a creación dunha identidade que centra a súa mirada nos labores cotiáns, no campo, na costa ou na artesanía.

En definitiva, a fotografía galega do século XX vai ser o reflexo dun pobo e as súas circunstancias, como indican Xosé L. Suárez Canal e Manuel Sendón. O labor de Ksado, de Ruth Matilda Anderson, de Xaime Pacheco ou de José Suárez son indispensables para comprender a idiosincrasia do pobo galego.



Imaxe de San Vitoiro na procesión das festas na súa honra. AHPOu, colección fotográfica, 1/11.

Notas biográficas

José Suárez, o fotógrafo galego que capturaba a tradición con modernidade, naceu en Allariz en 1902 nunha familia acomodada. Estudou dereito en Salamanca e participou activamente na Federación Universitaria Escolar (FUE). Alí retratou a figuras como Unamuno, que o marcou intelectualmente e con quen trabou amizade. Na década de 1920 comezou a traballar no concello desa cidade pero pronto fixo da afección pola fotografía o seu modo de vida. Deste xeito, comeza a súa carreira artística colaborando en revistas como a viguesa *Vida Gallega* e realizando reportaxes como o da romaría de San Vitoiro. En xuño de 1936, a produtora Cifesa encárgalle catro películas das que só consegue gravar o documental icónico *Mariñeiros*.

O golpe de Estado de xullo dese ano significou para Suárez o exilio na Arxentina. De feito, alí será onde remate o dito documental e onde a súa obra, entroncada coas vangardas, encontre o merecido recoñecemento. Na terra do Plata consolidou a súa carreira fotográfica publicando en revistas prestixiosas como *Life* e *U.S. Camera*, ademais de probar o mundo do cinema comercial. A través das súas reportaxes amosa o universo do gaúcho arxentino

na Tierra de Fuego. En 1953/54 viaxou a Xapón como correspondente da prensa de Bos Aires e de *El Día de Montevideo*, onde realizou traballos de sona internacional.

Regresou a España en 1959 e reencontrouse cun país que permanecía na longa noite de pedra. Mais el continuou producindo series fotográficas relevantes como *The life and Death of the Fighting Bull* publicada por unha editorial inglesa. A súa vida atopou a fin na vila mariñeira da Guarda (Pontevedra) en 1974, pero a súa obra transcende ao tempo e traspasa fronteiras.

Terra, mar e xentes

Este é o título que recibe o libro póstumo de José Suárez e que sintetiza a súa obra en Galicia. Nel reflecte o sentimento sen caer no patetismo, mantendo a identidade común no individuo e aludindo aos ollos que a miran. Sen dúbida, todas as súas series fotográficas, xa sexan na Pampa, no Xapón ou na súa terra natal, adquiren un poder evocador que culmina na serie *Mariñeiros*, coetánea do documental do mesmo nome encargado por Cifesa.

Transmite a través da fotografía a dignidade e forza do pobo que traballa. Ten o poder de converter en icona o que retrata; é por iso que os mariñeiros galegos lembran os gauchos da Arxentina habendo un océano de por medio. Ademais de atopar o carácter social na súa fotografía, tamén observamos a fascinación pola relación das persoas co medio, da que quedará absolutamente engaiolado na viaxe a Xapón, xunto coa expresividade do teatro clásico nipón.

A súa obra capturou tanto a vida galega como a doutros pobos españois e estranxeiros e caracterízase por unha visión artística única e profundamente humana. Está marcada por unha estética precisa e esixente na que documenta a vida mariñeira e outros aspectos da cultura galega, sen caer en estereotipos. Cunha sensibilidade que vai máis alá da realidade política, ofrece unha ollada íntima, crítica e conmovedora de Galicia e doutras partes do mundo. En definitiva, logrou modernizar a fotografía sen perder a súa identidade.

José Suárez no AHPOu

As dúas fotografías deste número de *Fronde* forman parte dun conxunto de dez que Xaquín Lorenzo doou ao Arquivo Histórico Provincial de Ourense. A práctica totalidade destas, senón todas, son obra de José Suárez. Con toda probabilidade foi o propio fotógrafo quen llas entregou a Lorenzo posto que se coñecían e os unía o gusto pola fotografía experimental de vangarda, así como o interese pola etnografía. De feito, a colaboración de Xaquín Lorenzo no documental de Antonio Román *O carro e o home* forma parte da cinematografía fundacional galega xunto con *Mariñeiros* de Suárez.

Texto: Sara Ruíz García. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491



XUNTA
DE GALICIA

Arquivo Histórico
Provincial de Ourense

Emilia Pardo Bazán, s/n
arq.prov.ourense@xunta.gal
Tlfno. 988788228